

As conclusións deste estudo presentaranse no prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional terceira. *Avaliación dos danos producidos por incendios forestais acontecidos en Andalucía no ano 2004 para os efectos da posible extensión das axudas establecidas neste real decreto.*

O Goberno procederá, de forma concertada coa Xunta de Andalucía, a avaliar os danos producidos con ocasión dos incendios acaecidos en Andalucía, e en función desa valoración, a acordar que medidas das establecidas neste real decreto son susceptibles de aplicación ás persoas, bens e municipios afectados por aqueles incendios.

Disposición adicional cuarta. *Aplicación do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.*

Para financiar as axudas que se concedan en aplicación do disposto no artigo 2.1 como consecuencia do incendio iniciado o 16 de xullo de 2005 na provincia de Guadalajara, asígnanse 198.000 euros con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARIATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

13264 *ORDE PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 183, do 2-8-2005.)*

O Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas, dispón no número 2 do seu artigo 1, que por orde conxunta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, se delimitarán os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

Así mesmo, a disposición derradeira segunda faculta os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as normas necesarias e estableceren os prazos para a execución das medidas previstas nel.

Esta orde delimita o ámbito territorial afectado, en cumprimento do establecido no artigo 1.2 de Real decreto lei 10/2005 e establece os criterios para a aplicación das medidas previstas nos artigos 4, 5 e 6 do citado real decreto lei.

Na súa virtude, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, e por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, dispoño:

Primeiro. *Ámbitos territoriais afectados pola seca.*

1. Para os efectos do previsto no artigo 1.2 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, os ámbitos territoriais afectados pola seca a que son de aplicación as medidas establecidas nel son os que figuran no anexo I desta disposición.

2. As explotacións gandeiras en réxime de transhumancia que aproveitan os pastos ou a floración nas zonas afectadas pola seca, nos termos sinalados no artigo 1.1 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, considéranse incluídas na delimitación dos ámbitos territoriais afectados pola seca con independencia da localización da explotación.

3. Os ámbitos territoriais en que a seca tivo unha incidencia especialmente grave nos sectores de gandaría en réxime extensivo e da apicultura, aos cales é aplicable o artigo 5.7 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, son os que se determinan no anexo II.

4. Os ámbitos territoriais afectados pola seca nos cales será de aplicación o establecido no artigo 4 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, son os que se determinan no anexo III.

Segundo. *Préstamos de mediación do Instituto de Crédito Oficial (ICO).*

1. As bonificacións ao tipo de xuro anual nominal dos préstamos de mediación do ICO para os titulares de explotacións agrarias previstas no artigo 5 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, expresadas en puntos porcentuais de xuro nominal anual (p.p.), serán as seguintes:

Titulares de explotacións agrarias: 0,75 p.p.

Titulares de explotacións agrarias prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou que teñan póliza de seguro agrario en vigor que garanta a cobertura de riscos climáticos, ou que sufrisen inmovilizacións de gando reguladas por razóns sanitarias: 1,75 p.p.

Titulares de explotacións agrarias prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou que sufrisen inmovilizacións de gando reguladas por razóns sanitarias e que, en calquera dos casos mencionados, teñan póliza de seguro agrario en vigor que inclúa a cobertura do risco de seca ou, se non existise, calquera liña dos seguros agrarios combinados: 2 p.p.

Se as bonificacións máximas anteriores, 2 p.p., superasen o límite do 50 por cento do tipo resultante para o beneficiario sen computar as subvencións, establecido no artigo 5.5 do Real decreto lei 10/2005, axustaríanse estas bonificacións máximas ao citado límite e reduciríanse as restantes na mesma proporción.

2. As subvencións para minorar o principal dos préstamos ICO, en aplicación do artigo 5.7 do Real decreto lei 10/2005, serán as seguintes:

Titulares de explotacións gandeiras en réxime extensivo ou apícolas, que sexan prioritarias ou que sexan agricultores a título principal ou se visen afectadas por inmovilizacións reguladas por razóns sanitarias ou que teñan póliza en vigor do seguro agrario que inclúa a cobertura do risco de seca: 25 por cento de cada unha das dúas primeiras anualidades de amortización.

Titulares de explotacións gandeiras en réxime extensivo ou apícolas, que sexan prioritarias ou que sexan

agricultores a título principal e que teñan póliza en vigor do seguro agrario que inclúa a cobertura do risco de seca: 25 por cento de cada unha das 3 primeiras anualidades de amortización.

3. O importe máximo dos préstamos será o que resulte de aplicar os baremos por actividades agrarias, que se sinalan no punto 5 deste número, sen superar, en todo caso, o volume global de 25.000 euros por titular e explotación.

Así mesmo, fíxase un limiar para o importe mínimo calculado por aplicación dos baremos establecidos nesta disposición de 3.000 euros por titular e explotación.

4. Os préstamos a que non se vinculasen subvencións ás anualidades de amortización gozarán dun ano de carencia para o pagamento de principal.

5. Os baremos unitarios de préstamo por actividades agrarias afectadas pola seca nos termos establecidos no artigo 1 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, son os seguintes:

Cultivos herbáceos de secaño	200 €/ha, até 75 ha 100 €/ha, desde 75 ha até 150 has.
Cultivos herbáceos de rega	450 €/ha, até 20 ha 300 €/ha, desde 20 ha, até 40 has.
Bovino e equino	200 €/animal reprodutor adulto até 75 animais.
Ovino e caprino	30 €/animal reprodutor adulto até 500 animais.
Apicultura	25 €/colmea, até 600 colmeas.

6. As explotacións mixtas computarán en primeiro lugar as actividades gandeiras en réxime extensivo e apícolas polo máximo importe posible e o resto, se o houber, até o volume global máximo establecido no número 3, será asignado ás actividades agrícolas.

As subvencións vinculadas a amortización de principal do préstamo global único serán as que resulten de aplicar ao importe computado de actividades gandeiras en réxime extensivo ou apícolas o establecido no número 2 deste punto.

7. En caso de que o importe global da demanda atendible de préstamos supere o importe global de 750 millóns de euros, establecido no artigo 5 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, ou, se é o caso, o importe ampliado polo Ministerio de Economía e Facenda, procederase a reducir o importe dos préstamos solicitados, rateando o importe do exceso de demanda.

8. Os baremos unitarios de bovino, equino, ovino e caprino establecidos no número 5 deste punto incrementaranse nun 25 por cento cando se apliquen na Comunidade Autónoma das Illes Balears.

9. Para os efectos desta disposición entenderase como explotación gandeira en réxime extensivo aquela cuxa carga gandeira é inferior a 1,8 unidades de gando maior (UGM) por hectárea.

10. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación subvencionará con cargo aos seus orzamentos o custo da comisión de xestión dos avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), cando foren necesarios para a obtención dos préstamos, até un máximo do 1 por cento do saldo debedor deles.

Terceiro. Procedemento.

1. As comunidades autónomas afectadas establecerán os prazos para solicitar a certificación de recoñecemento de dereito aos préstamos de mediación do Instituto de Crédito Oficial (ICO), prevista no artigo 5.10 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, que acredite o

cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos e fixe os seus importes máximos, puntos porcentuais de bonificación de xuros e, se é o caso, subvencións ás amortizacións de principal.

2. Co fin de avaliar o volume global demandado e a súa adecuación aos recursos financeiros aprobados polo ICO para esta liña de préstamo e, se é o caso, notificar este volume ao Ministerio de Economía e Facenda para os efectos da súa posible ampliación, de acordo co previsto no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, así como para notificar ao ICO a relación de beneficiarios dos préstamos, os órganos competentes das comunidades autónomas, analizadas as solicitudes de préstamos e verificada a concorrencia dos requisitos establecidos, remitirán en soporte informático á Subsecretaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de outubro de 2005, a relación de solicitantes de préstamos, con expresión de nome e apelidos, ou razón social, NIF ou CIF, e volume de préstamo con recoñecemento posible de dereitos, así como a contía agregada a nivel autonómico.

3. Recibidas no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as relacións de beneficiarios, nos termos expresados no número anterior, procederase a notificar aos órganos competentes das comunidades autónomas a contía máxima de préstamo da liña do ICO que se pode recoñecer a cada solicitante, tendo en conta o volume global de recursos financeiros aprobados e, se é o caso, ampliado, procedéndose ao correspondente rateo en caso de insuficiencia dos recursos financeiros aprobado en relación coa contía global demandada.

4. Os solicitantes poderán dirixir directamente á Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) as solicitudes de aval subvencionado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en caso de seren necesarios para a concesión dos préstamos polas entidades financeiras colaboradoras do ICO nesta liña de mediación, xuntando copia da certificación de recoñecemento de dereito a préstamo indicada no punto 1 deste número.

Cuarto. Construción de bebedoiros ou puntos de fornecemento de auga para a gandaría extensiva.

1. Os concellos dos municipios incluídos no anexo II desta orde que consideren necesaria a construción dun ou varios puntos de fornecemento de auga, de acordo co previsto no artigo 6 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, presentarán ante as delegacións ou subdelegacións do Goberno correspondentes, no prazo de 20 días, contados a partir da entrada en vigor da presente orde, unha solicitude que terá, ao menos, os seguintes datos:

a) Número e características principais dos puntos de fornecemento que se solicitan, xustificando explicitamente a conveniencia de construír máis dun, cando for o caso.

b) Número de explotacións gandeiras, de réxime extensivo, existentes no municipio e censo de gando explotado nese réxime.

c) Disponibilidade dos terreos necesarios para a construción dos puntos de fornecemento, incluíndo os accesos necesarios. Cando os terreos non sexan de propiedade municipal, deberase xuntar a autorización do seu titular.

d) Compromiso de aceptación da obra á súa terminación e compromiso de conservación dela.

e) Compromiso de destinar o punto de fornecemento de auga ao fin exclusivo de satisfacer as necesidades de auga do gando, incluíndo o abastecemento de enerxía cando for o caso.

2. As delegacións e subdelegacións do Goberno remitirán unha relación das solicitudes á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural do Ministerio de Agricultura,

Pesca e Alimentación, que a remitirá ao órgano competente da comunidade autónoma correspondente, co obxecto de que informe sobre as solicitudes, establecendo unha orde de prioridade adecuada ás circunstancias específicas do territorio afectado.

Unha vez establecida a relación das solicitudes e a orde de prioridade, enviaranse ao Ministerio de Medio Ambiente para que, no prazo máximo de dez días, emita informe.

Unha vez recibido o informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, o secretario xeral de Agricultura e Alimentación, de acordo coa Orde APA/1603/2005, do 17 de maio, de delegación de atribucións no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, ditará a resolución das solicitudes de axuda para a construción de puntos de fornecemento de auga, no prazo máximo de dous meses.

A contía da totalidade das resolucións estimatorias das solicitudes de axuda non poderá superar o importe de 5 millóns de euros, conforme o artigo 6 do Real decreto lei.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural procederá ao encargo da execución das obras. A execución destas efectuarase logo de comunicación aos órganos competentes das comunidades autónomas e aos concellos dos municipios beneficiarios delas.

Disposición adicional única. *Financiamento.*

1. O financiamento das bonificacións e subvencións previstas no punto segundo desta disposición realizarase con cargo ao concepto orzamentario 21.01.411M.770 «Apoio financeiro por danos ocasionados pola seca e outras causas extraordinarias» dos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. O financiamento da construción de puntos de fornecemento de auga, previsto no número cuarto desta disposición realizarase con cargo ao concepto orzamentario 21.21.414B.611 dos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 29 de xullo de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente.

ANEXO I

Comunidade Autónoma de Andalucía: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Aragón: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma das Illes Balears: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Canarias:

Provincia de Santa Cruz de Tenerife:

Termos municipais de Buenavista del Norte, El Rosario, Garachico, Icod de los Vinos, La Laguna, La Matanza de Acentejo, La Orotava, La Vitoria de Acentejo, Los Realejos, San Juan de la Rambla, Santa Cruz de Tenerife, Santa Úrsula, Sauzal, Tacoronte, Tanque, Tegueste.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Castilla y León:

Provincia de Ávila: todos os termos municipais.
Provincia de Burgos: todos os termos municipais.
Provincia de León:

Comarcas agrarias de: Esla-Campos, Sahagún, Tierras de León.

Provincia de Palencia:

Comarcas agrarias de: El Cerrato, Campos.

Provincia de Salamanca: todos os termos municipais.

Provincia de Segovia: todos os termos municipais.

Provincia de Soria: todos os termos municipais.

Provincia de Valladolid: todos os termos municipais.

Provincia de Zamora:

Comarcas agrarias de: Aliste, Bajo Duero, Campos-Pan, Sayago.

Comunidade Autónoma de Cataluña: toda a comunidade autónoma, excepto a comarca do Vall d'Aran.

Comunidade Valenciana: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Extremadura: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Madrid: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de la Región de Murcia: toda a comunidade autónoma.

ANEXO II

Comunidade Autónoma de Andalucía: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Aragón: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma das Illes Balears: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Castilla-La Mancha: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Castilla y León:

Ámbito territorial delimitado para o gando vacún extensivo:

Provincia de Ávila: todos os termos municipais.

Provincia de Burgos: comarca agraria de Demanda

Provincia de Salamanca: todos os termos municipais.

Provincia de Segovia: todos os termos municipais.

Provincia de Soria: todos os termos municipais.

Provincia de Zamora: comarcas agrarias de Aliste e Sayago.

Ademais, inclúense neste anexo as explotacións de gando vacún extensivo de toda a comunidade autónoma que realizen movementos transhumantes para o aproveitamento de pastos ás comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha.

Ámbito territorial delimitado para o gando ovino e caprino extensivo:

Provincia de Ávila: comarcas agrarias de Ávila, Alberche, Piedrahíta e Tiétar.

Ademais, inclúense neste anexo as explotacións de gando ovino e caprino extensivo de toda a comunidade autónoma que realizen movementos transhumantes para o aproveitamento de pastos ás comunidades autónomas de Andalucía, Extremadura e Castilla-La Mancha.

Ámbito territorial delimitado para a apicultura:

Toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Cataluña: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Valenciana: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Extremadura: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de Madrid: toda a comunidade autónoma.

Comunidade Autónoma de la Rexión de Murcia:

Termos municipais de Albudeite, Bullas, Campos del Río, Caravaca, Cehegín, Jumilla, Lorca, Moratalla, Mula, Pliego, Yecla.

ANEXO III

Confederación Hidrográfica do Texo

Zona regable do Tiétar (Rosarito)

Termos municipais:

Ávila: Candeleda.

Toledo: Oropesa.

Cáceres:

Madrigal de la Vera.

Valverde de la Vera.

Talaveruela.

Villanueva de la Vera.

Viandar de la Vera.

Losar de la Vera.

Robledillo de la Vera.

Jarandilla de la Vera.

Cuacos de Yuste.

Collado de la Vera.

Jaraiz de la Vera.

Pasarón de la Vera.

Tejeda de Tiétar.

Talayuela.

Navalmoral de la Mata.

Rosalejo.

Pueblonuevo de Miramontes.

Zona regable do Árrago (Borbollón e Rivera de Gata):

Termos municipais:

Cáceres:

Moraleja.

Huélaga.

Santibáñez el Alto.

Calzadilla.

Villasbuenas de Gata.

Casas de Don Gómez.

Perales del Puerto.

Cilleros.

Gata.

Vegaviana.

Confederación Hidrográfica do Segura

Zonas regables do postransvasamento Texo-Segura, determinadas na Lei 52/1980, do 16 de outubro (BOE do 24 de outubro de 1980). Corresponden aos municipios das provincias de Alacante, Almería e Murcia do seguinte cadro:

Provincias	Zonas	Municipios
Murcia.	Zona I. Zona II. Zona III. Zona IV.	Calasparra-Cleza. Blanca-Abarán. Molina de Segura. Abanilla. Fortuna. Santomera.

Provincias	Zonas	Municipios
Alicante.	Zona V.	Ojós. Villanueva. Campos del Río. Albudeite. Archena. Ceutí. Torres de Cotillas. Alguazas.
	Mula e Comarca.	Mula. Pliego. Yéchar.
	Lorca e Val do Guadalentín.	Murcia. Librilla. Alhama de Murcia. Totana. Lorca.
	Campo de Cartagena.	Pilar da Horadada (Alacante). San Pedro del Pinatar. San Javier. Torre Pacheco. Los Alcázares. Cartagena. Fuente Álamo. Murcia.
Alacante.	RLMI.	Albatera. Alacante. Benferri. Callosa. Campello. Catral. Cox. Crevillente. Elche. Granja de Rocamora. Muchamiel. Orihuela. Redován. Santa Pola. San Juan.
	RLMD.	San Miguel de Salinas. Almoradí. Los Montesinos. Benijófar. Torrevieja. Rojales.
	La Pedrera.	Guardamar del Segura. Algorfa. Almoradí. Los Montesinos. Benejúzar. Benifófar. Bigastro. Jacarilla. Orihuela. Rojales. San Miguel de Salinas.
	Saladares de Albatera. Zona de Almería.	Albatera. Pulpí. Huércal-Overa. Cuevas de Almanzora. Zurgena. Vera. Antas.

Regas correspondentes ao sistema de explotación do encoro de La Cierva, do Plan Hidrolóxico da Bacía do Segura, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, e que afecta os seguintes termos municipais:

Mula.
Pliego.
Campos del Río.
Albudeite.

Regas correspondentes ao sistema de explotación da Las Vegas del Segura, do Plan Hidrolóxico da Bacía do Segura, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, e que afecta os seguintes termos municipais:

Provincia de Albacete:

Hellín.
Férez.
Elche de la Sierra.
Letur.
Yeste.
Lietor.

Provincia de Alicante:

Albatera.
Algorfa.
Alacante.
Almoradí.
Benejúzar.
Benferri.
Benijófar.
Bigastro.
Callosa del Segura.
Campello.
Catral.
Cox.
Crevillente.
Daya Nueva.
Daya Vieja.
Dolores.
Elche.
Formentera.
Granja de Rocamora.
Guardamar.
Jacarilla.
Montesinos.
Muchamiel.
Orihuela.
Redován.
Rojales.
San Fulgencio.
San Juan.
San Miguel de Salinas.
Santa Pola.

Provincia de Murcia:

Abarán.
Alcantarilla.
Alguazas.
Archena.
Beniel.
Blanca.
Calasparra.
Cartagena.
Ceutí.
Cieza.
Fuente Álamo.
Las Torres de Cotillas.
Lorca.
Lorquí.
Molina del Segura.
Moratalla.
Mula.
Murcia.

Ojós.
Ricote.
San Javier.
San Pedro del Pinatar.
Santomera.
Torre Pacheco.
Ulea.
Villanueva del Segura.

Regas correspondentes ao sistema de explotación do encoro do Argos, do Plan Hidrolóxico da Bacía do Segura, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, e que afecta os seguintes termos municipais de:

Calasparra.
Cehegín.

Regas correspondentes ao sistema de explotación do regadío de Lorca (río Guadalentín), do Plan Hidrolóxico da Bacía do Segura, aprobado polo Real decreto 1664/1998, do 24 de xullo, e que afecta o municipio de:

Lorca.

Confederación Hidrográfica do Júcar

Canle Júcar-Turia

Provincia de Valencia:

Tous.
Alzira.
Guadassuar.
L'Alcúdia.
Benimodo.
Carlet.
Alfarp.
Alginet.
Benifaió.
Picassent.
Torrent.
Alaquàs.
Aldaia.
Quart de Poblet.
Manises.
Albal.
Alberic.
Alcácer.
Algemesí.
Antella.
Catadau.
Catarroxa.
Gavarda.
Chiva.
Llombai.
Monserrat.
Paiporta.
Picanya.
Silla.

Xunta Central Regantes Mancha Oriental

Provincia de Albacete:

La Herrera.
Albacete.

Confederación Hidrográfica do Ebro

Municipios pertencentes aos sistemas de regas do Alto Aragón e do río Guatizalema

Provincia de Huesca:

Albalatillo.
Albero Alto.
Albero Bajo.

Alberuela.
 Alcalá de Gurrea.
 Alcalá de Obispo.
 Alcolea de Cinca.
 Alcubierre.
 Almúdevar.
 Almuniente.
 Argavieso.
 Barbastro.
 Barbués.
 Berbegal.
 Buñales.
 Candanos.
 Capdesaso.
 Castejón de Monegros.
 Castejón del Puente.
 Castelflorite.
 Castillazuelo.
 El Grado.
 Grañén.
 Gurrea de Gállego.
 Hoz e Costeán.
 Huerto.
 Ilche.
 Lalueza.
 Lanaja.
 Laperdiguera.
 Monflorite-Lascasas.
 Monzón (polígonos 1, 2, 27, 28, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38,
 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47 e 48).
 Ontiñena.
 Peñalba.
 Peralta de Alcofea.
 Peraltilla.
 Pertusa.
 Piracés.
 Poleñino.
 Pozán de Vero.
 Puedo de Fañanas.
 Novales.
 Robres.
 Salas Altas.
 Salas Bajas.
 Salillas.
 San Miguel de Cinca.
 Sangarrén.
 Sariñena.
 Sena.
 Senés de Alcubierre.
 Sesa.
 Siétamo.
 Tabernas de Isuela.
 Tardienta.
 Torralba de Aragón.
 Torres de Alcanadre.
 Torres de Barbués.
 Tramaced.
 Valfarta.
 Vicién.
 Villanueva de Sigena.
 Provincia de Zaragoza:
 La Almolida.
 Bujaraloz.
 San Mateo.
 Zuera.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

13335 *REAL DECRETO 942/2005, do 29 de xullo, polo que se modifican determinadas disposicións en materia de hidrocarburos. («BOE» 184, do 3-8-2005.)*

O Consello de Ministros, na súa reunión do día 25 de febreiro de 2005, aprobou o Acordo polo que se adoptan mandados para pór en marcha medidas de impulso á produtividade.

No punto trixésimo segundo do citado acordo, establécese un mandado ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para que presente un proxecto de real decreto de reformas para o impulso da produtividade no sector enerxético, e en materia de hidrocarburos establece, en concreto, o seguinte:

«7. Modificar o Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución comercialización, fornecemento e procedemento de autorización de instalacións de gas natural, para que as empresas distribuidoras de gas natural melloren a calidade e a facilidade de acceso á información dispoñible por parte dos usuarios conectados ás súas redes co fin de facilitar aos usuarios finais o cambio de empresa fornecedora.

8. Modificar o Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución comercialización, fornecemento e procedemento de autorización de instalacións de gas natural, co fin de mellorar o contido da información das facturas aos usuarios.

9. Modificar o Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, co fin de conseguir unha maior transparencia nos prezos e condicións dos servizos complementarios que as empresas distribuidoras prestan ás empresas comercializadoras.

10. Modificar o Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, adecuando as datas de publicación das ordes ministeriais que regulan o réxime económico do sector de gas natural á dispoñibilidade dos datos para o seu cálculo e ao procedemento establecido.»

En cumprimento do disposto no citado acordo do Consello de Ministros, este real decreto realiza as modificacións necesarias na lexislación para adecuala ao disposto nel. Neste senso, o real decreto recolle diversas medidas encamiñadas a incrementar a transparencia e facilitar o cambio de empresa fornecedora, especialmente para os clientes doméstico-comerciais e para as pequenas industrias.

Entre as medidas adoptadas para a consecución do obxectivo citado, cabe destacar a mellora da información dispoñible tanto para os consumidores como para as empresas comercializadoras: mellórase a información que deben conter as facturas de gas natural emitidas polas empresas, de forma que coa información contida nelas sexa posible realizar o cambio de fornecedor. Ao mesmo tempo, mellórase a información que as empresas distribuidoras deben ter dispoñible para os usuarios conectados ás súas instalacións, e establécese a posibilidade de acceder a esa información mediante procedementos telemáticos.

Ademais, inclúense medidas destinadas a incrementar a transparencia nos servizos complementarios que as empresas distribuidoras prestan ás comercializadoras de